

Novas Turoonio

Xornal galego da Área Metropolitana de Vigo

ANO 3 | Edición nº 25 | Xaneiro de 2018 | PRECIO 0,50 EUROS

**Arbo promove a
implantación de
empresas**

Páxina 3

**Mondariz inaugura a
biblioteca Xoa Xosé
Pérez Labaca**

Páxina 5

**Descontos por averías
no recibo da auga de
Salvaterra**

Páxina 5

**Concurso de ideas para
a Praza Bugallal de
Ponteareas**

Páxina 9

**O Porriño esixe servizo
de pediatría**

Páxina 12

**Presentados estudos de
trazado para o acceso ao
Porto da Guarda**

Páxina 17



Chega o Entroido



ecocelta®
Naturaleza en equilibrio

Ecocelta co campo galego

**Abonos e sustratos
ecolóxicos**

**Materias primas
de Galicia**

Ecocelta Galicia, S.L. T. 986 645 487 administracion@ecocelta.com
Crt. PO-253 km 0,8 Pontacóns-Pías 36895 Ponteareas



CONDADO / PARADANTA

ARBO

1500 euros a repartir entre os participantes no Concurso de Comparsas do entroido en Arbo

Un ano máis o concello de Arbo, convoca o concurso de comparsas a celebrar o vindeiro 11 de febreiro. Dividido en 4 categorías (comparsas de máis de 15 membros, comparsa de 5 a 14 membros, comparsas infantís de máis de 15 membros menores de 12 anos e mellor mascarita) os participantes optan a premios dende 20 euros a 450 euros dependendo da categoría a que se presenten. Os que

desexen anotarse deberán pasar polas oficinas municipais do Concello de Arbo antes do 8 de febreiro, tamen poderán facelo o mesmo día do desfile unha hora antes de que comencé ao persoal municipal presente ese día ou ao concelleiro de Cultura. O desfile ten saída dende o Arbo ás 5 da tarde.

O xurado estará composto por persoas do público que se reunirán no salón de Plenos e

votarán as comparsas e mascaritas que se presenten.

Según manifesta o alcalde Horacio Gil, o ano pasado o evento tivo moito éxito, non só pola asistencia de público, senón tamén polo número de comparsas e mascaritas inscritas, aínda que o tempo non acompañou moito. Dende a alcaldía animan a todos e a todas a que nos visiten ese día e disfruten dun día de festa e diversión.



ENTROIDO 2018
FEBREIRO

- VENRES 9**
AS 13:00 h- INAUGURACION DO ENTROIDO
Se o tempo acompaña, os nenos e nenas do Colexio percorreren as rúas e a Praza do Concello
- SÁBADO 10**
AS 17:00 h - FESTA INFANTIL DO ENTROIDO Espectáculo musical, infantil e xuvenil- na praza do concello
- DOMINGO 11**
AS 17:30 h - DESFILE DE COMPARSAS - SAIDA DENDE A CARBALLEIRA DE TURBELA
Os que desexen concursar, deberán anotarse no Concello ou ata unha hora antes do inicio do desfile. No primeiro caso será nas oficinas municipais. No segundo caso co persoal municipal do Concello ou concelleiro presente durante os momentos previos ao inicio do desfile.

Organiza: Concello de Arbo



ENTROIDO 2018

DOMINGO 11 DE FEBREIRO

DESFILE DE COMPARSAS

COMPARSAS DE 15 OU MÁIS MEMBROS

- 1º PREMIO - 450 EUROS
- 2º PREMIO - 225 EUROS
- 3º PREMIO - 100 EUROS
- 4º PREMIO - 50 EUROS

COMPARSAS DE 5 ATA 14 MEMBROS

- 1º PREMIO - 130 EUROS.
- 2º PREMIO - 70 EUROS.
- 3º PREMIO - 30 EUROS
- 4º PREMIO - 30 EUROS.

COMPARSAS INFANTIS (15 OU MÁIS MEMBROS MENORES DE 12 ANOS)

- 1º PREMIO 140 EUROS
- 2º PREMIO de 70 EUROS
- 3º PREMIO DE 30 EUROS
- 4º PREMIO de 30 EURO

MELLOR MASCARITA

- 1º PREMIO - 70 EUROS.
- 2º PREMIO - 35 EUROS.
- 3º PREMIO - 20 EUROS
- 4º PREMIO - 20 EUROS

Saída dende a Carballeira de Turbela ás 17.00h

Os que dexesen concursar, deberan anotarse nas oficinas municipais ou ata unha hora antes do inicio do desfile o persoal municipal encargado. As bases poderan consultarse no taboleiro do Concello de Arbo ou na paxina web.

ORGANIZA: CONCELLO DE ARBO

Arbo promove a implantación de empresas

O Pleno Municipal do Concello de Arbo, ven de aprobar no pleno celebrado o pasado venres 22 de decembro, unha proposta da Alcaldía para adherirse á iniciativa "Concellos Doing Business Galicia", asinada pola Xunta e a Federación Galega de Municipios e Provincias. Esta proposta pretende fomentar a implantación e fixación de empresas e poboación nos municipios que participen desta iniciativa mediante un paquete de incentivos fiscais e compromisos varios adquiridos polos diversos organismos implicados.

Os principais incentivos para as empresas que se asenten neste municipio centraranse na bonificación de determinados impostos empresariais, dependendo, entre outros factores, da cantidade de postos de traballo a crear. En primeiro lugar, está a bonificación de ata un 95 por cento do IBI para os inmobles

nos que se desenvolvan novas actividades económicas de especial interese ou utilidade municipal, aprobada xa neste concello no ano 2016. Na mesma liña, estas actividades poderán acadar ata o 95 por cento no Imposto de Actividades Económicas (IAE) e no de Construcións, Instalacións e Obras (ICIO), sempre que se cumpran, entre outros requisitos, a xeración de novos postos de traballo, segundo se recolle nas novas ordenanzas recién aprobadas.

Este convenio, estipula do mesmo modo, diferentes obrigas que simplificarán a tramitación necesaria para o inicio da actividade, a exención de certas taxas, como as de apertura de comercios ou a de prestación de servizos urbanísticos, establecéndose o compromiso de axilizar e acurtar os prazos de resolución das solicitudes de implantación das novas empresas.

As Neves instala sinais informativos dos barrios

7 das 13 parroquias xa están sinalizadas e as demais estarán en 2018

O Concello das Neves ven de executar a primeira fase do proxecto de instalación de sinais informativos que se financiou a través do Plan Concellos da Deputación e afectou a 7 das 13 parroquias do termo municipal coa instalación de máis de 150 sinais.

Esta iniciativa do goberno municipal de BNG e Psde é refrendada pola veciñanza xa que das reunións nas parroquias, a través do programa "O Concello escoita", esta foi a demanda común en todas elas facendo fincapé na necesidade da sinalización para os visitantes, a prestación de servizos, como ambulancias ou repartos e dar valor a diversidade de lugares do Concello.

Oscar González, segundo Tenente de Alcalde e responsable do proxecto informa que a primeira fase está completada coa instalación de sinais en San Cibrán de Ribarteme, Vide, Liñares, Tortoreos, parte



das Neves, San Pedro e Santa Olaia de Batalláns. "O proxecto está elaborado ao completo e a segunda e última fase levarase a cabo no 2018 tan pronto sexa economicamente posible"

Óptica mahen
mahen audioprótesis
Ópticos desde 1939



Nº Reg. Sanitario E-36-000038

PONTAREAS

r ú a s e n é n c a n i d o , 4

CONDADO / PARADANTA

A Obra Social 'La Caixa' doa 3.000 euros ao Programa de Alimentos de Mondariz

O alcalde de Mondariz, Xoán Carlos Montes Bugarín, recibiu da Obra Social 'La Caixa' unha doazón de 3.000 euros que foron destinados, na súa integridade, ao Programa de Alimentos que desenvolve o Concello de Mondariz.

A cantidade achegada pola obra social que reafirma a estreita colaboración que manteñen o Concello e a entidade financeira foi utilizada polo Programa de Alimentos para adquisición de elementos de hixiene e produtos típicos da época "para que os nosos veciños e veciñas, que viven unha situación económica complicada, poidan gozar destas festas do Nadal", afirmou o al-



calde de Mondariz.

Xoán Carlos Montes agradeceu "á Obra Social 'La Caixa' a sensibilidade amosada e a receptividade coa que acolleu a petición deste Concello que paliará a difícil situación pola que atravesan moitas familias".

Destacou o alcalde que, esta colaboración, "non queda

cinguida ás datas de Nadal, senón que la Obra Social 'La Caixa' sempre amosou a súa disposición para axudar ao Concello de Mondariz en aqueles temas que poidan contribuír a mellorar a calidade de vida dos seus veciños e veciñas".

Covelo protesta diante de Movistar

Diante dos fallos do servizo de MOVISTAR no concello de Covelo dende a alcaldía dirixiuse a esta empresa o seguinte escrito dirixido a Oficina de atención do usuario, en Vigo:

"Por la presente pongo en conocimiento de ustedes que durante los meses de noviembre y diciembre de 2017 fueron numerosos los vecinos que pusieron en nuestro conocimiento la falta de los servicios de telefonía, televisión e internet contratados con la empresa MOVISTAR y que les está causando numerosos daños y perjuicios personales y profesionales.

Fueron numerosas las solicitudes de arreglo y reposición de los servicios efectuadas ante esa empresa por los particulares que no fueron atendidas, dejándose de prestar un servicio básico de comunicación sin que se sepa cuando se volverá a reponer.

Por lo expuesto SOLICITAMOS la inmediata reposición del servicio de telefonía fija, internet y televisión en las parroquias de Santiago de Covelo (A Hermida), Maiceira (A Mouta), Fofe (Rectoral de Fofe), Campo, Godóns, A Graña e San Salvador de Prado.

O escrito foi asinado polo Alcalde de Covelo o pasado día catro de xaneiro.

A Xunta reforza os coidados profesionais a persoas dependentes na Cañiza

O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, acompañado da directora xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, Fabiola García Martínez, desprazouse na xornada de hoxe ao concello pontevedrés da Cañiza co obxectivo de coñecer máis polo miúdo e sobre o terreo o nivel de desenvolvemento dos recursos e programas en materia social nos que colaboran as administracións autonómica e local. O conselleiro abordou esta cuestión nunha xuntanza de traballo co alcalde da devandita localidade, Miguel Adolfo Domínguez Alonso.

En declaracións aos medios, o titular de Política Social enmarcou esta visita no seu in-

terese en "coñecer de primeira man as necesidades do conxunto de concellos de Galicia, tanto as que existen nas grandes cidades e municipios urbanos como as que teñen as vilas máis pequenas e de carácter rural, coa intención de que todos dispoñan dos recursos e servizos sociais que precisan". Nesta liña, Rey Varela trasladou ao primeiro edil da Cañiza a vontade de seguir afondando no diálogo e colaboración entre administracións co gallo de "ofrecer aos veciños e veciñas deste municipio uns servizos sociais de calidade e proximidade".

No que atinxe á mellora dos recursos sociais dos que dispón A Cañiza, o conselleiro subliñou o importante impulso que ex-

perimentou a atención a persoas maiores dependentes a través do reforzamento do Servizo de Atención no Fogar (SAF), xa que dende a creación da Consellería de Política Social en 2015 o número de horas dispoñibles nesta prestación incrementouse un 129% ata sumar 19.848 horas anuais en total. Con este reforzamento do SAF Dependencia o que se procura "é seguir sumando novos beneficiarios e beneficiarias desta prestación e elevar a ratio de atención por enriba do 75% que rexistra esta vila na actualidade", dixo

Así mesmo, e continuando co ámbito de maiores, Rey Varela engadiu que a Administración autonómica mantén sete prazas concertadas na Residencia A



Nosa Señora do Rosario e ten concedidas oito libranzas para usuarios e usuarias do Centro de día Anxo, instalación esta última que visitou coincidindo co aniversario da súa apertura.

Por outra banda, o responsable de Política Social do Goberno galego referiuse ao investimento realizado na mellora da escola infantil para nenos e nenas de 0 a 3 anos de titularidade municipal, que se beneficiou de axudas por valor de 45.500 euros nos exercicios

de 2016 e 2017. Rey Varela lembrou que a Xunta destinou nos dous últimos exercicios 2,5 millóns de euros á realización de obras de reforma, accesibilidade e adquisición de novo equipamento nun total de 136 puntos de atención á infancia e escolas infantís municipais, entre estas, a da Cañiza. A finalidade desta liña de axudas, que se manterá esta anualidade, "é que os nosos fillos e fillas teñan as mellores instalacións", apuntou.

Mondariz inaugura a renovada biblioteca pública «Xoán Xosé Pérez Labaca»

O deputado de Cooperación Municipal, David Regades, xunto ao alcalde Xoan Carlos Montes Bugarín, e ao secretario xeral de Cultura da Xunta, Anxo Lorenzo, asistiu este venres en Mondariz aos actos de inauguración da reforma da Biblioteca Pública Municipal “Xoán Pérez Labaca” na que a Deputación de Pontevedra destinou dúas achegas cun valor total de 16.935,42 euros.

En concreto, con estas dous investimentos, ao abeiro da liña 1 do Plan Concellos 2016, o goberno municipal de Mondariz puido adquirir material informático, ordenadores e colocar novo mobiliario. Máis polo miúdo, o goberno de Carmela Silva investiu, por unha banda, 10.737,92 € para elementos de mobiliario da bi-



O Alcalde de Mondariz, a viuva e unha neta de Xoán Pérez Labaca decubren a placa conmemorativa.

blioteca, mesas, cadeiras, estantes, mostradores, sillóns, equipos de mediateca, proxector e pantalla, estores de escurecemento e, por outra, 6.197,50 € para 9 equipos completos con monitores TFT 19,5" con disco duro 1Tb y gravadora DVD (8GB de RAM), teclados, ratón e auriculares.

A inauguración comezou co descubrimento da placa conmemorativa no hall do edificio, que fixeron a viúva e unha neta de Xoan Pérez Labaca, que da o seu nome á Biblioteca. Amais, outro dos netos do homenaxeado deu lectura a varios dos textos do seu avó.

Reducción do recibo da auga por averías en Salvaterra

O pasado 26 de decembro o Pleno da Corporación do Concello de Salvaterra de Miño procedeu a aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación do Servizo de abastecemento de auga potable, no referente a Averías.

O Grupo de Goberno presentou unha modificación no suposto de constatare a existencia de averías ocultas nas instalación interiores que desvitúen o volumen de consumos domésticos do usuario, a través do calculo do consumo medio habitual dos dous últimos semestres anteriores, sendo a cota tributaria a abonar a media calculada incrementada nun 150%,

co fin de que os usuarios e usuarias non se encontren con uns consumos desorbitados derivados de averías e non de consumo realizado, sempre e cando esté informado favorablemente polo técnico municipal correspondente.

HaI que recordar que o Concello de Salvaterra de Miño apostou dende un principio por achegar o servizo de abastecemento de auga a todos os seus veciños e veciñas, xa que foi sempre unha prioridade para o Equipo de Goberno ter un servizo e unha auga de calidade, así a día de hoxe o municipio conta con auga en 14 parroquias e con mais de 3.100 contadores, un servizo que xestiona directamente este Concello.

Vinoteca
Eira Vella
viños, tostas, pulgas e donáis...

Rosalía de Castro 12 Baixo
Ponteareas

694 416 706

ASER GALICIA
CENTRO DE NEGOCIOS
ASESORÍA DE EMPRESAS

salvaterra@asergalicia.com 986 664 292
Curros Enríquez, 8 . Salvaterra de Miño
asesoria@asergalicia.com 986 640 015
Rúa Redondela, 11 . Ponteareas

A CASA da TRIGA

a túa casa desde 1927

Cervexas . Embutidos . Tostas . Ensaladas
Hamburguesas . Vegano . Conservas

Praza Maior . Ponteareas

BODEGUILLA PULPERIA
TAPERIA

BERCEO

Rosalía de Castro, 6
PONTEAREAS

Teléf. 986 660 826

CAFETERÍA
D'PEYO

Desayunos - Bocadillos - Hamburguesas - Pizzas
Fútbol en pantalla gigante

Plz. Mayor, 5
Ponteareas

Tif: 986 660 368

OPINIÓN

Cadernos da viaxe

Xoán Antón Pérez-Lema

Presos para toda a vida

Foille abunda ao PP a súa maioría absoluta para introducir en marzo de 2015 a prisión permanente revisábel (PPR), que permite condenar ao cárcere por tempo indefinido aos que cometen delitos de asasinato no seo de organizacións criminais, asasinatos múltiples ou en serie, homicidio do Xefe do Estado, do seu sucesor ou de Xefes do Estado estranxeiros, xenocidio ou semellantes, asasinato de menores de 16 anos ou persoas especialmente vulnerábeis e indefensas e calquera asasinato precedido de agresión sexual. A permanencia no cárcere revisaría-se cada dous anos

logo de se cumprir 25 anos de cumprimento (cando o feito puníbel consista nunha morte) ou aos 35, cando sexan dúas ou máis.

Este último outubro o PNV propuxo e a maioría do Congreso aprobou unha proposición de lei orgánica, arestora en trámite, que derrogaría a PPR, coa oposición do PP e a abstención de C's. Dúas de milleiros de cidadáns apoian o seu mantemento a requirimento de Rocío Viéitez, nai das nenas de Moraña asasinadas polo seu pai (primeiro condenado á PPR). A iniciativa de Rocío Viéitez é lóxica e demostra lucidez, au-

sencia de ánimo de vinganza e sentido cívico.

Mais a política criminal non pode atender só ás lexítimas demandas das vítimas. Porque a indeterminación da duración da PPR atenta contra o principio de legalidade. E porque a propia pena vulnera os principios constitucionais de reinserción e resocialización, propios dos sistemas penais democráticos, ao enfrontar aos condenados, na maioría dos casos, a unha pena efectiva a perpetuidade.

O certo é que o Estado español conta cun dos sistemas penais máis rixidos da Europa, que ten xerado altos niveis de superpoboación penitenciaria. As penas son longas (un duplo asasinato cumprirá

normalmente 30 e 40 se son actos de te-

rrorismo ou criminalidade organizada) e non admiten redención. Son excepcionais os casos de cumprimento efectivo inferior aos ¾ da pena imposta. E, malia o horror de casos como os de Moraña ou Rianxo, non somos unha sociedade onde existan altos niveis de criminalidade nin estes empeoraron nos 23 anos de vixencia do Código Penal da democracia.

Se é permanente non é revisábel. Se revisábel non é permanente. A PPR é un xeito de branquear semánticamente o que non é senón cárcere a perpetuidade.



Por Jesús Témez Fernández

A decostrucción de Podemos

A brillante irrupción de Podemos no ámbito da política nacional alcanzou a súa cénit mediático nunhas eleccións europeas de 2014. Alí foi onde iniciou o seu despegamento electoral precisamente polos seus continuos alardes de valentía nas súas iniciativas programáticas que chocaban coas dun establishment corrompido e en estado de franca descomposición. A frustración de xeracións enteiras de cidadáns ante as políticas dunha elite genúflexa e conchabada coa oligarquía financeira occidental atoparon ecos de rebeldía e de ilusión nun novo partido político desclasado, valente, fresco e que falaba sen andrómenas sobre a corruptela española e bruselina do momento. Toda a frustración e desesperación que a virulenta crise de

2009 xerou nunha gran capa da poboación e que puido derivar en episodios revolucionarios e dramáticos foi felizmente canalizada e fagocitada pola articulación dun partido que empatizaba con sectores da sociedade transversais que avogaban por regeneración a vida política dotándoa dun maior grao de dignidade e profesionalidade. Non só se conseguiu elevar o nivel de debate en España senón que ademais esgrimiuse un diagnóstico certo e conciso sobre a situación dos porqués do caos existente. A política estaba en mans do lobby financiero. Bruxelas coas súas políticas austericidas condenaba ao Sur de Europa a unha sorte de papel residual e pouco menos que servente do rico Norte. O euro era unha moeda inflada que só beneficiaba a unha Alemaña su-

premacista que vinculaba a sorte de Europa aos seus intereses comerciais e financeiros. A Unión Europea era un club ao servizo dos intereses dos países acredores que dinamitaban calquera proxecto vertebrador e de solidariedade entre os seus estados. En resumo, as elites políticas españolas que esquilmaran ao país tras décadas enteiras de corrupción entregaran o aparello do estado aos burócratas bruselinos que á súa vez executaban as directrices que puntualmente lle sinalaban os plutócratas occidentais.

Por tanto con ese diagnóstico o que o País requiría era saírse dun club corrupto e contario ao cidadán do común. Volver á moeda nacional e avogar por unha constituínte que reformase todos os ámbitos estratéxicos e institucionais do país. Ese era un receitairo jacobino de ámbito nacional; sen cortedad de miras. Podemos alcanzara a súa clímax ideolóxico; pero o que veu despois

foron purgas constantes eliminadoras de disensos produtivos, irrupción de nomes propios de escasa talla intelectual como Echenique ou Irene Montero, alianzas estrañas con personaxes de escasísima talla política como Colau. Pero sobre todo o seu posicionamento sobre o proces, a escasa altura demostrada transformou a un partido inicialmente jacobino, inspirador da solidariedade e igualdade entre cidadáns nunha especie de frankenstein ideolóxico, de miras localistas e territoriais e moi contario ao sentido solidario e redistributivo da esquerda universal da que tan orgullosos mostrábanse cando lles interesaba. Quen vos vexa e quen vos ve. Ver para crer. Pero a política sexa da caste ou non está visto que xera estados amnésicos episódicos.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosospanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69
redaccion@novasdeturonio.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdeturonio.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Rocio Pereira Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Viale Moutinho, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, Pilar Martínez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxío Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Luis Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 40-2016

■ Por: Guillermo Rodríguez. Director



Quen somos, realmente?

Todos coñecemos a cantinela de “quen somos, de onde vimos e para que estamos neste mundo”; pero tranquilos que non lles vou dar a tabarra cunha clase de moralina.

Hoxe quero levar aos respectuosos lectores deste humilde xornal a unha viaxe semellante á que eu realicei esta noite, non sei se esperto ou medio durmido; seguramente as dúas cousas.

Eu cheguei á conclusión de somos produto dunha “ebulición”; si, si, leron ben. Non se trata do que sempre nos dixeron: a evolución; non, trátase da ebulición. Diso que pasa cando poñemos auga a ferver. Lembren cando nos din “a este/a fáltalle unha fervura”. Pois iso. Trátase das diferentes fervuras ás que somos sometidos dende que damos o primeiro berrido ao saír do ventre das nosas nais. Cando o doutor, dunha maneira inmisericorde nos dá unha palmada no traseiro que abaneamos como unha herba de trigo cando lle sopra o vento.

Nese mesmo instante vémonos sometidos aos principios da ebulición. Comezamos a ferver.

Pero non estamos sós nese proceso; nosas nais acompañarannos ao longo da vida.

No mesmo instante de nacer comeza o noso proceso ebulitivo. Recibimos o saúdo inmisericorde do doutor, ao que antes fixemos referencia; de seguido, sen decatarse que estamos totalmente nús e non habituados á temperatura ambiente, agárrannos e lévannos para lavarnos. Aquela manta tan quentiña que era a barriga de nosa nai xa queda atrás. Uns trapos fríos e descoñecidos para nós vannos acompañar de por vida.

Nosa nai non se libra da súa propia ebulición. Ela tamén se ve sometida ás propias leis dese proceso. Logo de que a nós nos teñan preparados e guapos somos recibidos por ela que espera ansiosa para darnos os primeiros bicos e entusiasmarse ao comprobar o seu propio produto materno. Pero alguén lle marca o camiño a seguir. Nada de pasarse cos aloumiños porque nós, din os entendidos, aínda somos fráxiles e non aguantamos ben tantas mostras de cariño. A muller vese, ben pero ten que verse lista para

comezar unha nova carreira: directora e responsable da vida do seu fillo/a.

E é aquí cando a verdadeira ebulición comenza. As amigas que a visitan o primeiro que fan, logo de mostrarlles o seu entusiasmo pola criatura que din, dino todas e todos, é bonitísima/o, é facer leves indicacións para preguntar se vai amamantarnos ou non. Existen uns botes dun excelente leite (non se sabe ben se de burra ou de vaca, ou cabra), que deben darnos en vez de que sexa a nosa nai quen nos amamante. A razón é sinxela: as mulleres teñen que recuperar o tipo esvelto e atractivo que tiveron sempre. Por que as mulleres teñen que ser e estar sempre guapas, mal que lles pese.... O feito de que nós, criaturas indefensas, sexamos amamantados ou non vai significar que a nosa nai pase a formar parte dese equipo de consumidores de “modelitos de mamás”, que tan ben exhiben nos escaparates dos grandes almacéns. Nada de manter un corpo robusto e san para nós; iso era antes. Agora están os Ortega (non Ortega Cano, que ese tamén é un bo peixe) cos seus múltiples almacéns e persoal cualificado para ofrecer á nosa naiña roupa e complementos de todo tipo para que recupere a súa figura esvelta e xuvenil de “antes do parto e para despois do parto).

E nós? Que fixeron connosco?

Ben, para nós comenza unha propia ebulición en paralelo. Acostumados a durmir todo canto nos apetecía na cámara de seguridade da nosa nai, pasamos a ter que espertar ás seis ou sete da madrugada porque deben deixarnos nunha casa nido moi cedo; nosa nai ten que traballar. O da “conciliación familiar” é un slogan de campaña electoral. O certo e real é que nosa nai se ergue antes ca nós, fai os labores de casa máis urxentes (ás veces ata deixarlle o almorzo a noso pai que tamén se vai erguer as nove e non sabe destas cousas; a muller é traballadora pero tamén nai e esposa; débese ao seu marido e ten que servilo;

así segue estando no guión: claro que son xa moitas as que se rebelan).

Nós, que estabamos acostumbrados a durmir cando nos dera a real gana, agora impóñennos un horario estrito e unha maneira de comportarnos totalmente alleas ao que viña sendo a nosa vida nos últimos nove meses. Mans alleas nos tratan de acariciar, no mellor dos casos, porque tamén nos podemos atopar con outras mans que estean cansas, aburridas da vida, sen futuro certo e paguen connosco os seus problemas. Aquí comezamos a rebelarnos dalgún xeito. Anos somos conscientes pero aínda así o facemos. É unha reacción natural. Dicia Rousseau que os individuos, ou sexa as criaturas, nacen perfectas e con bos sentimentos, será logo a sociedade quen se encargue de modificar os seus comportamentos. Unha disciplina férrea para nós; debemos comportarnos aínda sendo nenos; así o esixe o guión daquel lugar a onde nosa nai nos levou para ir a traballar. E xa non paramos de ferver.

Van pasando os anos. Vannos sometendo a novas fervuras, imos “ebulicionando”. Toda unha sociedade organizada nos espera fora. Debemos ser fortes para defendermonos doutros “coleguillas” aos que tamén se lles di que deben defenderse de nós. Os débiles non teñen sitio nesta sociedade competitiva. Todo se fai para que sexamos útiles aos que programan as nosas vidas. Eles, aló onde queira que se atopen, matinan cada día para que os resultados sexan os esperados. Primeiro esíxennos ser bos estudantes, debemos estar preparados para responder aos retos que a sociedade nos demanda. Pouco importa que a nós nos agrade máis ou menos ese tipo de estudio e de saberes que se nos esixe. É o sistema quen determina como e de que tipo deben ser os nosos coñecementos. Nestes momentos os/as nenos e nenas xa están encamiñados/as para ser pouco menos que robots. É a civilización, e o futuro.

En paralelo nosos pais, aquí tamén entran os homes aínda que máis de esguello, son igualmente vítimas do sistema. Aínda querendo o mellor para os seus fillos/as non poder escapar ao que “o grande irmán” ten proxectado. Ese mundo feliz do que nos fala Aldous Huxley ten que chegar. Fervura a fervura imos entrando polo aro.

Pero, logo a nós ninguén nos pregunta que queremos, se somos felices, que nos gustan outras cousas?... Ben, de vez en cando aparece algún/ha criatura que se sae fora do circulo, do pucheiro, que non se deixa ferver. Sí, ocorre algunha vez, pero como di o refrán “unha andoriña non fai verán”, (ata me saíu un pareado). O habitual, o normal, o que todo o mundo espera é que se cumpra o guión. Pobres criaturas pensando en cambiar o mundo!!! “El gran hermano” de George Orwell, en 1984, que nos vixía faino polo noso ben. Non temos de que preocuparnos.

Mentres a Banca, as multinacionais, os gabinetes de estudio que dirixen o cotarro estean contentos nada podemos temer. Fixense que non dixeron os gobernantes. Non foi un erro. Os gobernantes actuais, igual ca nós, xogan no campo que lle delimitan os PODERES REAIS QUE MOVEN O MUNDO. Non teñen capacidade de saír fora do campo. Aí están os árbitros, como fieis escudeiros de quen manda, para indicarlles que se pisan a raia sona o pito. Non é que teñan nada en contra, é que obedecen ordes de máis arriba.

Quen somos logo? Vdes. que cren? Eu estou con Rousseau. Somos o que queren que sexamos. Podemos pensar, entón, que non somos responsables de certos comportamentos? Na maioría dos casos sí; somos culpables, pero non responsables. Estamos feitos para unha finalidade concretas. Non foi a nosa nai a culpable de traernos ao mundo. Nós chegamos espidos; foron os xastres que nos cortaron os traxes á medida, de quen? Pensen vdes. se aínda lles queda esa capacidade sen que estea adulterada.

Por hoxe imos deixalo aquí. Prometemos voltar sobre o tema no futuro.

Sexan todo o felices que poidan.

“1984”

OPINIÓN

PONTEAREAS

Por Baldomero Iglesias Dobarrio, Mero

Por se valera de algo

Algo se debe estar a facer mal cando despois de cincocentos longos anos de historia desmemoriada, faise tan evidente a división dun suposto país que non consegue integrar aos seus habitantes nunha estrutura común que os concilie, nunha entidade organizativa de xestión ou nun grupo de nacións que teñan algún denominador común de integración e respectos, en certas vontades. Respectos por riba das proximidades xeográficas, dos dispendios, das renuncias e opresións, incapacidades invasivas e torpes modos. Debería reconsiderarse a idea distributiva que permita saír de tal fracaso, corrixir e empezar a honrar -cunha boa disposición de partida- os acordos dignos da convivencia e dignidade, sen submisión algunha. Quizais o rigoroso nacionalismo español deba reconsiderar e doerse polas “cousas” do pasado, con propósito de emenda e que saiba que non son senón humillacións,

provocacións, desequilibrios, insultos á mínima intelixencia, modos de degradación de calquera convivencia que, en todo caso, parece ser, se pretende. Quizais deberan deixar, dunha vez por todas que os distintos pobos poidamos exercer a nosa realidade, cultura, identidade enriquecedora. Enriquecedora para todos. Pois son esas variables da Cultura as que, en verdade, rexeneran a vida pública e abren horizontes de concordia e de porvir, sen dúbida moito máis felices que os ata agora ofertados e que consternados nos arrepían coa forza bruta, sen razóns. Habitamos, non hai dúbida, unha ingobernabilidade en pleno naufraxio, en plena crise case cronificada e á deriva. Hai que escoitar e oír, ver e sentir antes de falar. Non é doado, pois cómenos a carraxe. Despois, cómpre facer auto-crítica. Pensar a resposta, evitando a ofensa. Tratando de entender e entenderse. Penso que son eses os pasos a dar, de saída, sempre e

cando as partes queiran comprenderse. Facer unha revisión e tomar novos acordos, mesmo redactar doutro xeito, intelixente e equitativo, aquel “código” que nos conduza en paz e harmonía. Certamente non hai que entender moito, este código que agora nos rexe e que por moitos sitios fai augas, está desactualizado e xa de nacemento é unha redacción enganosa, quizais fraudulenta, deixa todo “atado e ben atado” no seu propio fracaso. Así non chegamos a destino algún de conciliación. Os pobos non poden, digo ben, ser asegundados desta maneira. Abaixados, castigados a obedecer, sen dereito a autoprocálmarse en orgullo de ser, de autoxestionarse e autocomprarse satisfeitos da súa propia existencia, e nunca xamais acomplexados ou lesionados, invadidos nas súas competencias. Escribiron con trampa aquel código, na letra pequena están tamén as ruindades e os desafectos doutroa. Débese evolucionar corrixindo, fluír en liberdades e afectos, en recoñecementos. Non pode ser que teñamos que ser periféricos e secundarios

sempre. As leis estanse empregando ao límite e con moitísimas dificultades, para os que temos non só dereitos de nación senón dereitos humanos que non se comprenden nin respectan. Para canto máis de interpretación e aplicación “libre” desde o goberno que reprime maliciosamente deberes e duplicidades, dobres contabilidades e dobres impostos que poden impedir a evolución desas identidades “periféricas”, sobre todo cando escapan do goberno deles. De tal xeito que fan que sexan inxustas e represoras desde a mesma redacción desequilibrada e insidiosa, para canto máis na súa aplicación intencionadamente perversa e moi subxectiva. Deberan lembrar que só se é libre, individual ou colectivamente, cando se permite proclamar a insurrección diante desas leis inxustas, calquera que sexa, e tamén para esixir que cambien e poder camiñar, ter horizontes de esperanza. Sen agardar represalias e aplicacións abusivas de poder.



Por Ramón Coira Luaces

Construírmos República

Os militares e Forzas de Orde Pública leais á II República foron minoría, pero suficientes para deixar semente. A lealdade non debe ser algo que cegamente se lle otorga ao que manda. Se non a merece, se non cumpre coas súas obrigas, se non é xusto, se nos oprime e non respecta os nosos dereitos, retíraselle. A lealdade suprema -tal como o vexo eu- debe ser sempre para o pobo e para nosa conciencia. E no caso d@s galeg@s, para Galiza: a nosa patria natural asoballada e espoliada. Como dicía Castelao: “Galiza deixará de loitar pola súa liberdade cando a conquira”. E como dicía o



poema de Cabanillas: “nunha man a fouce e noutra man a oliva”. Galiza ten ami@s e amigach@s. Os amig@s son @s que respectan a nosa lingua, a nosa

cultura e os nosos dereitos individuais e colectivos. E @s amigach@s son os que dan patacós e esperan ouro a cambio. Eu prefiro os meus dereitos, os de Galiza, amig@s e aliad@s a cultivar certas “amizades”.

María Victoria Moreno, a quen a RAG lle adica o día das Letras Galegas deste ano, veu de Extremadura a Galiza en plena Ditadura, deprende o galego, deu clases en galego e escribiu en galego. E honrámosa como se merece. Podería citar a moita máis xente de renome e tamén coñezo persoalmente xente anónima así. Tod@s son acollidos e querid@s aínda que o noso recoñecemento sexa sinxelo ou paupérrimo. No meu traballo houbo xente de fóra de Galiza que nunca me

puxo pegas por falar ou escribir en galego ou exercer os meus dereitos, uns poucos e a Administración si; aínda que o fan a traición e sen recoñecer o verdadeiro motivo das súas anómalas reaccións. Hespaña é unha experta en represalias e ataques preventivos, leva atacando Galiza/Galicia “preventivamente” anos e anos. Só vos digo unha cousa: cada un recolle o que sementa. E digo “Hespaña”, a sabendas de que non tod@s @s españois son iguais, porque os que o fan, fano desde todos os poderes do Estado e con total impunidad e amparo legal.



Leccións caninas para acadar obxectivos en equipo

A Concellería de Ensino leva ás aulas a educación en valores asistida por cans de terapia

O proxecto Yarácán aterra en Ponteareas para ensinar aos escolares a importancia da empatía, o respecto ou a cooperación

A Concellería de Ensino pon en marcha o ciclo de obradoiros sobre Educación en Valores Asistidos por Cans de Terapia en Entornos Educativos, dirixido a alumnado NEAE e o alumnado das súas aulas en xeral. A empresa Yarácán leva ás aulas o proxecto “Catro patas de apoio” aportando os beneficios de traballar con cans nos centros educativos.

Nas escolas realizarán unha actividade transversal que educa en valores e traslada ao alumnado a responsabilidade da tenencia de mascotas.

Cooperación versus obe-

diencia e segundas oportunidades fronte a castigos son as señas de identidade deste proxecto que segundo explica Julia Correa, de Yarácán, pretende fomentar o traballo en equipo, a autonomía, a comprensión, a empatía e ensina aos escolares a porse no lugar do outro; a acadar un obxectivo común incentivando ao compañeiro.

A Concelleira de Ensino, Cristina Fernández, destaca a importancia de innovar e actualizar os distintos métodos de ensino, por iso dende a súa concellería facilitan diferentes ferramentas novidosas aos centros educativos.

Elisabeth Pregel, directora do CEIP Santiago de Oliveira agradece á concellería que



achegue este tipo de actividades aos centros escolares ao supor oportunidades únicas de fomentar con prácticas valores como o compromiso e o respecto.

Yarácán é unha organización que se define como “socialmente responsable” que tenta que os beneficios que aportan os animais acaden aos seres humanos menos favorecidos. Dende os seus comezos gran parte da súa actividade foi di-

rixida ao desenvolvemento de programas solidarios e de investigación.

Yarácán recibiu o premio de responsabilidade social na categoría de Pymes da Fundación Corresponsables no 2012 e resultou finalista no ano 2015.

A Concelleira de Benestar Social, Verónica Carrera, que asistiu a unha das actividades, estuda a posibilidade de ofrecer estes talleres aos maiores de Ponteareas e as/os alumnos

do Taller Ocupacional de Asprodico.

Estes obradoiros vanse impartir en aulas con alumnado NEAE, con necesidades especiais de atención educativa, buscando sempre a mellora da calidade educativa e a inclusión.

O proxecto de Yarácán chegará ao resto dos centros escolares de Ponteareas ao longo deste mes de xaneiro e febreiro.

Ponteareas convoca o concurso de ideas para a mellora da Praza Bugallal

O goberno de Ponteareas convoca un concurso de ideas para a mellora da praza Bugallal dentro das liñas de actuación da estratexia “Ponteareas, Hábitat Saudable” financiada polo fondo europeo de desenvolvemento rexional.

Cun orzamento de máis de 600.000€ (proxecto de obra, dirección de obra e execución) a mellora da Praza Bugallal realizarase con cargo aos Fondos FEDER da Unión Europea.

Respondendo á demanda de rehabilitación desta praza dos colectivos, grupos políticos e veciños, o goberno de Ponteareas convidará a cinco estudos de arquitectura e urbanismo de recoñecido prestixio para que presenten as súas ideas e propostas. Estes profesionais posúen un premio vencellado á ordenación urbana, recoñecido ou

outorgado por un colexio profesional, organización ou Administración pública do espazo comunitario.

A comisión de valoración na que participan técnicos de recoñecido prestixio e todos os grupos políticos da Corporación municipal, valorará a solución técnica e económica máis óptima e na que se vexan reflectidas as necesidades e o sentir da cidadanía.

Co arranque deste concurso dase continuidade ás liñas de melloras no núcleo urbano seguindo os obxectivos e directrices marcadas na estratexia Ponteareas, Hábitat Saudable. O proxecto estará na mesma liña da modernización do primeiro tramo do Paseo Matutino que se realizará proximamente.

A mellora da accesibilidade, das posibilidades de uso do espazo público, da calidade do aire, da mobilidade ur-

baña e o respecto polos usos e costumes habituais da praza son algunhas das directrices a valorar na redacción do proxecto.

No concurso de ideas ademais das actuacións a realizar na Praza de Bugallal e na súa contorna tamén contemplará un área de estudio para no futuro actuar co mesmo criterio nos arredores do auditorio, avda Constitución e primeiro tramo de Vidales Tomé.

Con esta iniciativa comeza a materializarse unha das liñas da estratexia nas que tamén se contemplan outras que van desde o desenvolvemento sostible á revitalización da economía pasando pola implantación de sistemas de aproveitamento de biomasa, a recuperación de zonas verdes, a inclusión activa e a loita contra a discriminación, a mellora da administración local a



través das TICs, a mellora da eficiencia enerxética, a mellora do patrimonio e da contorna do río Tea, o apoio ao comercio e a mellora do casco vello, son algunhas das liñas recollidas na estratexia.

“Ponteareas, Hábitat Saudable” enmárcase dentro dos fondos europeos de desenvolvemento rexional subvencionada con 5.000.000€ polos Fondos FEDER.

CONDADO / PARADANTA

PONTEAREAS



O equipo premaster do Club Natación Ponteareas bateu o récord galego na proba de 4x50 libre mixto

O equipo premaster do Club Natación Ponteareas formado por Verónica Troncoso, Anaís Ucha, Martín Carrera e Daniel Argibay bateu o récord galego na proba de 4x50m, libre mixto no Campionato Galego Máster de inverno celebrado na piscina do complexo deportivo Rías do Sur, en Pontevedra os días 13 e 14 de xaneiro.

A cita reuniu a 24 equipos de toda a xeo-

grafía galega con máis de 200 participantes de todas as idades. O club natación Ponteareas acudiu a esta proba cun equipo de 26 nadadores e nadadoras que conseguiron numerosas medallas.

A categoría feminina acadou a medalla de bronce e o equipo masculino rematou na sexta posición. A clasificación final conxunta deixou ao C.N Ponteareas en cuarto lugar.

Luís Valle presentou no ciclo “Venres D_Letras” o seu libro de poemas “Para que eu beba”

O ciclo “Venres D_Letras” comezou o novo ano coa presentación do poemario “Para que eu beba”, de Luís Valle.

“Para que eu beba” é un libro adicado á memoria do seu pai, falecido recentemente, no que o autor dialoga coa vida e coa morte a través de versos, espindo a súa alma nun berro estarrecedor.

Luís Valle é un poeta e pintor nado na Terra Chá luguesa. Como pintor ten realizado diversas exposicións individuais e a súa obra atópase diseminada por diversos lugares do mundo. Como poeta, malia que os seus tres primeiros traballos foron realizados en castelán, o groso da súa produción foi feita en lingua galega e foi galardoada con premios



como o Eusebio Lorenzo Baldirón ou o Premio Lueiro Rey. Amáis, ten participado nunha chea de obras colectivas.

O ciclo “Venres D_Letras” foi posto en marcha pola Concelaría de Cultura co obxectivo de dar a coñecer algúns dos traballos máis relevantes do panorama literario actual. O vindeiro mes terá continuidade coa presenza de Manrique Fernández, que presentará a obra de teatro infantil “Hermes, aprendiz de mago”.

milfollas
LIBRERÍA • PRENSA • PAPELERÍA

Carballos, 10 - PONTEAREAS
Telf.: 986 66 79 13

Fonte da Vila, 7 - SALVATERRA
Telf.: 698 126 552

milfollas@mundo-r.com

ORTOPEDIA MABER

Telf.: 986 182 738

Rúa de Oriente, n.º 11 baixo - 36860 PONTEAREAS
ortopediamaber@gmail.com

Panadería Pastelería
A Fogaza
Pan Artesano

Dario Bugallal, 7 Ponteareas
Telf.: 886 15 52 49 - 661 95 84 79

MADERAS PUZO
Fábrica de Molduras

Puzo - Lira, s/n.
36862 Salvaterra do Miño
(Pontevedra) - España
Telf.: +34 986 644 051
Fax: +34 986 644 603

Nosa Terra RESTAURANTE

Especialidad:
Embutidos Variados
Carne y Pescados

Cerrado: Lunes

Menu Obrero

986 906 214

C/ Camélias, 10
36860 Ponteareas

ELECTRICIDAD IN. M. A. C. CONDADO, S.L.

Jorge Ferreira Bouzo
Instalador Autorizado PD-1503

- Instalacións e montaxes eléctricas en xeral
- Calefacción eléctrica
- Alumeados públicos
- Estudos e proxectos de aforro enerxético
- Servizo de averías e mantemento **24 Horas**

Tel: 986 45 82 07 Móviles 651 86 01 55 - 85 email: administracion@electricidadcondado.es
Políg. Ind. Chan da Ponte, Nave 1 - 36450 SALVATERRA DE MIÑO

O PORRIÑO

Alcaldes piden unha xuntanza coa Xunta para evitar os despidos en Maderas Iglesias

Os alcaldes de Salceda, Marcos Besada, Pontareas, Xosé Represas, Mondariz, Xoán Carlos Montes, As Neves, Xosé Manuel Rodríguez, a alcaldesa do Porriño, Eva García de la Torre, e o tenente de alcalde de Mos, Camilo Augusto Martínez, mantiveron este luns unha xuntanza, no Concello do Porriño, con representantes do Comité de Empresa de Maderas Iglesias, e dos sindicatos CIG, CCOO e UXT, que

trasladaron aos rexedores que a empresa comunicoulles a apertura dun expediente de extinción de 140 contratos-ou de todos eles, preto de 300- o vindeiro día 12 de xaneiro.

Ante esta situación, os alcaldes e alcaldesa veñen de solicitar un encontro ao máis alto nivel, con representantes da Xunta de Galicia, acompañados polos membros do Comité de Persoal, de cara a evitar a eliminación destes empregos-



ou da totalidade deles-e o peche dunha empresa que consideran parte dun sector estratéxico para a economía galega como é o da madeira.

Os alcaldes e a alcaldesa, coñecedores do interese da Xunta en evitar a eliminación

destes empregos, considerando que a empresa recibiu no seu día fondos públicos por medio do IGAPE e lembrando que todos os grupos do Parlamento de Galicia aprobaron unha iniciativa apoiando tomar a iniciativa para facer viable Maderas

Iglesias, piden ao Goberno de Galicia que nesta situación de extrema gravidade para a continuidade desta firma, fagan efectivos os termos desta iniciativa e preste as garantías posibles e necesarias para manter os empregos.

Manuel Carrera dí que Manuel Alejandro Lorenzo non é exemplo de xestión

O tenente de alcalde e concelleiro de Deportes, Manuel Carrera, vén de lamentar a hipocrisía do novo presidente do Partido Popular do Porriño, Manuel Alejandro Lorenzo, en relación coas súas declaracións sobre o estado do Pavillón Municipal.

Manuel Carrera lembra que Lorenzo foi concelleiro de Deportes e que á vista da súa xestión "primeiro, non é exemplo algún de cómo deben de facerse as cousas no Concello e, segundo, o que debería de facer, á vista do seu labor municipal, é estarse ben calado".

Carrera sinala que xa dende o ano 2010, cando o señor Lorenzo era concelleiro de Deportes, pedíuselle en moitas ocasións, que afrontase o problema do estado de conservación do Pavillón Municipal e "durante 5 e anos e medio non fixo absolutamente nada de nada, como pode comprobarse moi doadamente".

Non so iso, indica o tenente de alcalde, senón que o presidente do Partido Popular do

Porriño coñece á perfección que está ozamentada unha partida para realizar as melloras que precisa o Pavillón e que o inicio das obras está pendente so do cambio das condicións meteorolóxicas. "O que pretende agora é que se crea que as obras se realizan pola súa 'denuncia' e non porque xa estaban previstas, como o señor Lorenzo sabe dende hai moito tempo".

Manuel Carrera lembra que foi o actual Goberno local o que tivo que arranxar no ano 2016 o estado do vaso da piscina que levaba anos con filtracións, "que aínda que Manuel Alejandro Lorenzo coñecía polas constantes queixas e avisos dos usuarios, non amañou", permitindo que as instalacións se deteriorasen e se incrementase o prezo das reparacións que, finalmente, pagaron os porriñeses".

Polo que se refire á 'Sa de Cardio', Manuel Carrera subliña que o novo presidente do PP local coñece, "de sobra", que a súa mellora estaba contem-

plada no prego de condicións das obras da piscina e que as máquinas que hai non poden venderse legalmente porque a empresa concesionaria da mesma está en concurso de acredores.

Como "exemplo" da desastrosa xestión de Manuel Alejandro Lorenzo á fronte da Concellería de Deportes durante 5 anos e medio, Manuel Carrera indica que non hai que esquecer que en 2015, foi preciso reparar, de novo, o céspede artificial do Campo de Fútbol de Pontellas logo de que un ano antes, o señor Lorenzo, como concelleiro de Deportes, "e en contra do consello dos técnicos e da propia empresa", ordenase colocar baixo o mesmo 5 centímetros de área, o cal deixou o campo "case que impracticable" e, "o que é peor: requiriu o gasto de 60.000€ das veciñas e veciños do Porriño por mor da incompetencia deste señor".

No caso do Campo do Mosende, o mesmo ano 2015 houbo que facer reformas logo



de que, baixo o mandato de Manuel Alejandro Lorenzo, se colocase sobre anacos de áridos e o anunciado drenaxe do 50% da auga non chegase nin ao 10%. "Chama a atención que a empresa adxudicataria desa obra fose a do adestrador do equipo de fútbol do anterior alcalde".

Ademais, "por se fose pouco", houbo que modificar as medidas do campo, que non estaban homologadas e haberá que levantar o mesmo e facer melloras que superarán os

60.000€, "todo pola impresentable xestión do actual presidente do Partido Popular do Porriño na súa época de concelleiro de Deportes".

Por todas estas circunstancias, "Manuel Alejandro Lorenzo non pode dar lección algunha de xestión, nin na Concellería de Deportes nin noutras que tivo baixo a súa responsabilidade, e debería aplicarse o que di o presidente nacional do seu partido e entender que en política non todo vale".

LOURINHA

O PORRIÑO

Pече dunha planta do CEIP da Ribeira por desprendemento no teito

A alcaldesa, Eva García de la Torre, acompañada pola concelleira de Educación, acudiu o martes día 9 pola tarde ao CEIP da Ribeira, en Torneiros, centro no que por mor dunhas filtracións de auga, desprendeuse parte do teito nunha aula do último piso, empregada coma salón de actos, e onde apareceron importantes fendas noutra das dependencias empregada para dar as clases de música.

"Afortunadamente ninguén sufriu dano algún, aínda que sí quedou á vista a falla completa de mantemento deste centro e os danos ocasionados pola auga no teito de escaiola e en varias paredes, polo cal tomamos a decisión de pechar toda a terceira planta do colexio", sinalou a alcaldesa.

García de la Torre, quen adiantou que "mañá mesmo", acudirá ao centro

a arquitecta municipal para estudar o estado desta planta, esixiu á Xunta de Galicia que "asuma as súas competencias e, cando menos, se faga cargo do mantemento dos colexios que é o seu traballo".

A alcaldesa lamentou que o Goberno galego que non preste atención algunha aos centros educativos do Porriño, "non só considerando que é a súa obriga, senón á vista de que somos o concello que máis medra de toda Galicia", un abandono que transcende a outros eidos, que tamén son competencia da Xunta, como é "o centro de saúde, que ademais de carecer do persoal que precisa, como veñen de denunciar os veciños en constantes manifestacións, tamén sofre un considerable deterioro pola falla de mantemento, como puxo de manifesto a caída de varias lousas da súa fachada hai poucos días".



Concentración no Porriño para esixir un médico e servizo de pediatría



Integrantes do Goberno local sumáronse o sábado día 23, á concentración convocados por dúcias de veciñas e veciños para esixir, de novo e como veñen facendo dende hai semanas, un pediatra máis e a mellora do servizo de Pediatría do Centro de Saúde do Porriño, amais da mellora dos servizos sanitarios.

A xuízo do Goberno local esta situación é a proba incontestábel de que á Consellería de Sanidade non lle interesan os porriñeses e os considera cidadáns de segunda.

A promesa, publicitada en xuño de 2015, de facer un novo centro de saúde, anunciado polo anterior alcalde, do Partido Popular e a, daquela conselleira de Sanidade, Rocío Mosquera, coa cesión dos terreos por parte do Concello para edificar neles o mesmo,

quedou en nada.

Sanidade tampouco atendeu as demandas feitas, ao inicio do verán, dende o Concello e polos propios usuarios do centro de saúde, de que axeitase as súas instalación, polo cal houbo enfermos que mesmo sufrían mareos e esvaídos a causa da calor que achegábase aos 40 graos.

Así mesmo, o conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuiña, ignorou por completo a petición, aprobada polo Pleno do Concello do Porriño en xuño deste mesmo ano, dunha entrevista coa alcaldesa e cos representantes dos grupos municipais para que expuxesen as carencias e as necesidades urxentes dun Centro de Saúde que atendeu os primeiros seis meses deste ano a máis de 100.000 doentes veciños de Mos, Salceda e O Porriño.



ALFESO

Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIONES
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B • 36860 PONTEAREAS • T. 986 66 00 00 • F. 986 66 01 03

O PORRIÑO

O Goberno do Porriño defende a súa transparencia sobre o tema do lindano

Dende o momento mesmo no que se tivo coñecemento da presenza de lindano nas obras de saneamento de Pereira-Contrasto, o Goberno local deu conta, “de inmediato, polo miúdo e a todas veciñas e veciños, un por un, en persoa e telefonicamente” de todas as incidencias e resultados das analíticas realizadas no lugar.

A alcaldesa, Eva García de la Torre, lembra que foi o Concello quen informou-primeiro aos cidadáns e logo a todos os medios de comunicación- da presenza de lindano. Foi o Goberno local quen solicitou a primeira reunión con responsábeis e técnicos da Xunta de Galicia-que ten as competencias en Medio Ambiente-, xuntanza que se levou a cabo o 27 de outubro pasado en Compostela, con técnicos de Sanidade e de Medio Ambiente, e na que estivo presente a alcaldesa.

García de la Torre, subliña que foi ela a que convocou a todas e todos os veciños do barrio do Contrasto a unha primeira xuntanza conxunta o pasado día 8 de novembro e, 9 días despois, a unha segunda reunión, no Salón de Plenos do Concello, con técnicos da Xunta de Galicia.

A esas alturas, e logo de falar, “un por un, con cada afectado, en diferentes ocasións”, o Concello xa fixera chegar auga en garrafas a cada

unha das casas do Contrasto que so tiñan subministro de auga de pozo, “entrega de auga, necesaria para poder beber e cociñar, que continúa na actualidade”.

O día 25 de novembro, o Concello colocou nas vivendas afectadas depósitos de 1.000 litros de auga-nalgún caso ata dous-con motores que garanten a súa chegada ás casas, “que se limpan e revisan cada tres días e que se enchen cando o demandan as veciñas e veciños”.

Dende o 4 de decembro pasado, o Goberno local ten xa o proxecto para levar a rede municipal de saneamento a todas e cada unha das casas afectadas polo lindano, unha obra orzamentada en máis de 350.000€, que asumirá na súa totalidade o Concello do Porriño, sen axuda algunha da Administración Autonómica, e que está pendente dun permiso da Xunta de Galicia para poder iniciarse.

Hai un mes, como aprobara o Pleno do Concello, a Xunta de Voceiros aprobou a constitución da ‘Comisión de Seguimento do Lindano’, con presenza de todos os grupos políticos municipais, representantes da nova Plataforma de Afectados polo Lindano e a que se invitou a participar a responsábeis da Xunta de Galicia.

Así mesmo, o Goberno municipal contratou os servizos dunha empresa especializada

en tratamento da terra na que apareceron restos de lindano, “segundo as indicacións, criterios e normas do Servizo de Xestión de Residuos e da Administración Autonómica”. Procedeuse, ao mesmo tempo, a un dobre asfaltado da zona na que se realizaban as obras de saneamento na zona de Pereira-Contrasto e, “en cando o permitan as condicións meteorolóxicas, se retirará todo o xabre do lugar e se realizará unha nova limpeza intensiva por si quedasen aínda residuos”.

O pasado día 21 de decembro, Eva García de la Torre mantivo unha reunión en Vigo con 11 técnicos e responsábeis das consellerías de Medio Ambiente e Sanidade do Goberno de Galicia na que, ademais de dar conta das accións emprendidas polo Concello do Porriño, única administración que vén de destinar orzamentos e tomar medidas concretas e avaliábeis para protexer ás veciñas e veciños - como puido comprobar a propia alcaldesa nunha visita á zona de Pereira-Contrasto- recibiu información das accións que tiña previsto impulsar a Xunta, “que ten a competencia absoluta nesta materia”, e que ata o día de hoxe non se plasmaron en actos concretos.

Nestas semanas o Goberno local informou de cada incidencia e dos resultados das análises a cada veciña ou veciño que puideron ver, na mesma



Alcaldía, as comunicacións remitidas pola Xunta. Ademais, a alcaldesa recibiu a todas aquelas persoas que o solicitaron e mantivo xuntanzas con quen o pediron, “xuntanzas algunhas delas ás que foi convocado o voceiro municipal de EU-SON, que non asistiu”.

O voceiro de EU-SON tamén recibiu “toda a información da que se dispón no Concello”, incluíndo todas as analíticas e comunicados remitidos pola Xunta de Galicia, e tivo a oportunidade de consultar canta documentación requiriu, “a última vez este mesmo xoves, día 11 de xaneiro, sen ir máis lonxe”.

Nos vindeiros días, logo de rematar o traballo para recompillar a mesma, o Concello enviará á Valedora do Pobo todo canto informe, factura, documento, analítica, proxecto e acción puxo en marcha a administración municipal nos últimos meses.

“Toda esta documentación estivo sempre, sen límite algún”, a dispor tanto dos cidadáns coma dos representantes dos

grupos municipais, como ven sabe o voceiro de EU-SON.

Chama a atención que este representante, integrante dun grupo que nunca, en ningunha circunstancia, se ocupara da contaminación por lindano, ou presentara iniciativa algunha neste senso -maila que di coñecer a xestión doutras administracións e doutros partidos políticos, dende os anos 80 e 90 en todo O Porriño-, acuse agora ao actual Goberno local de “tentar tapar e silenciar” esta situación, como el mesmo declarou, sabendo que non era certo, a un medio de comunicación.

O representante de EU-SON coñece, “exactamente e paso a paso” o traballo que sen ten feito dende o Goberno local dende o primeiro intre, viu todos os documentos, estivo informado, “puntual e persoalmente”, de cada acción, proposta e iniciativa e consultou, cando pareceulle ben, os resultados das analíticas enviadas por Sanidade e Medio Ambiente ao Concello do Porriño.

Xornal galaico-portugués busca xornalista e comercial para ALTO MINHO
Condicións excelentes. Precísase curriculum e experiencia
Dirixirse a: redaccion@novasdoeixoatlantico.com

LOURINHA

MOS

400.000€ para a rehabilitación do CEIP Pena de Francia

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria vén de licitar as obras de rehabilitación integral do CEIP Pena de Francia, en Mos (Pontevedra), por un importe de preto de 400.400 euros cofinanciados con fondos FEDER, e tres meses de execución.

Os traballos supoñen unha reforma integral (enerxética e funcional) desde centro, que precisa dunha actuación para dotar de maior confortabilidade aos usuarios e acadar un aforro nos custes de mantemento.

A actuación afectará ás fachadas, carpinterías, luminarias e outros elementos das instalacións. Deste xeito acometerase o illamento da fachada exterior, a substitución de ventás das aulas e da fachada ex-



terior da biblioteca por outras de carpintería de aluminio con rotura de ponte térmica e vidro dobre e a substitución de luminarias por equipos de alta eficiencia enerxética. Todas estas medidas combinadas suporán un aforro enerxético anual en torno ao 23,5 por cento. Así mesmo, tamén se substituirán os falsos teitos existentes por paneis con propiedades acústicas, e se pro-

cederá á reparación e pintado de paramentos interiores.

Esta rehabilitación integral do CEIP Pena de Francia enmárcase dentro do plan de mellora da eficiencia enerxética que se puxo en marcha en 2016 en toda Galicia, e que no vindeiro ano 2018 suporá un investimento de preto de 4,5 millóns de euros en obras de mellora enerxética en 9 centros educativos

As antigas Casas dos Mestres de Dornelas serán destinadas a aluguer social

O goberno local aprobou en Xunta de Goberno Local a solicitude da “subvención para rehabilitar as antigas vivendas de mestres, doutros oficios e demais edificios e vivendas de titularidade municipal”, e á que administración local mosense opta para mellorar as antigas Casas dos Mestres en Dornelas.

Estas axudas concederán aportacións económicas, en réxime de concorrencia non competitiva para execución de obras de rehabilitación en edificacións e en vivendas de titularidade municipal que garantan o cumprimento dos requisitos básicos de funcionalidade, seguridade, habitabilidade e/ou accesibilidade. As actuacións subvencionables incluírán, para os

efectos de determinación do custo total das obras, os honorarios dos profesionais que interveñen, os informes técnicos e certificados necesarios, os gastos derivados da tramitación administrativa e outros gastos xerais similares. A contía de axuda non poderá superar a cantidade de 40.000 € por vivenda rehabilitada, supoñendo a axuda a percibir o 90% do orzamento protexido das obras.

O Concello de Mos presenta para optar a estas axudas o proxecto denominado “Rehabilitación da Casa dos Mestres en Dornelas” que ten un orzamento total de 44.445 € (IVE incluído), e deberá cofinanciarse polo Concello a parte non subvencionable así como o importe do IVE. O proxecto

foi realizado polas arquitectas Estefanía Grandal Leirós e Ludmila Castro Fiorito.

No devandito proxecto inclúese a optimización das dúas vivendas de Mestres existentes en Dornelas, unha das cales xa se atopa habitada en réxime de aluguer social. Unha vez melloradas as dúas vivendas, a que actualmente non se atopa habitada será tamén alugada polo Concello en réxime de aluguer social.

O Concello de Mos ten a responsabilidade do mantemento e a conservación do patrimonio do municipio, a través da protección e xestión do patrimonio e a conservación e rehabilitación das edificacións, por iso se solicita esta subvención.

A Xunta realiza en Mos unha investigación sobre a posible afección por lindano

O Concello de Mos informa de que a Xunta de Galicia está a realizar en Mos dende o pasado mes de decembro unha análise de lindano en determinadas zonas do termo municipal, tras solicitude da mesma por parte da administración local o pasado mes de novembro.

O devandito estudo pretende garantir á veciñanza mosense que non exista rastro de contaminación por lindano nas zonas do termo municipal máis próximas ao porriñés polígono de Torneiros, tal é o caso das parroquias mosenses de Pereiras e Sanguñeda e, concretamente dentro das mesmas, en Pereiras a contorna da empresa Syngenta no barrio de San Rafael ó redor da Avenida da Florida e da Estrada PO 331 Porriño-Gondomar; a zona do Cristo de Belén en torno á rotonda que enlaza coa PO 331 e o núcleo de Agueiro e, en Sanguñeda, na Avenida de Sanguñeda na contorna do Collexio Mestre Valverde Maio.

A empresa que está a realizar o estudo, que ten unha duración de tres meses, é Eptisa Servicios de Ingeniería, e foi contactada pola Xunta. Trátase dun estudo pormenorizado dos solos e augas das zonas enumeradas, que son as que poderían ser sensibles de conter algún vestixio de contaminación por lindano.

O informe de afeccións de contaminación de solos e augas subterráneas asociadas nas zonas detalladas constará de investigación analítica exploratoria, avaliación documental e valo-

ración da situación ambiental, do que se extraerá unha valoración final dos resultados obtidos e accións e/ou medidas futuras a adoitar de ser necesario. Nas zonas predefinidas a estudar, que son as antes mencionadas, localizaranse uns puntos de control en base ao estudo histórico; para cuxa localización elabórase a cartografía necesaria para identificar correctamente a súa ubicación.

O Concello de Mos logrou que as Consellerías de Medio Ambiente e Sanidade, que traballan conxunta e coordinadamente para protexer a saúde da poboación na problemática do lindano, puxesen en marcha este estudo pormenorizado que disipe calquera dúbida a este respecto para tranquilidade da veciñanza mosense.

A este respecto a alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo, declaraba hoxe que “cónstanos que algún partido político da oposición xa está a mover fíos sobre o asunto do lindano co obxectivo de sacar rédito político deste tema, polo que pido, por favor, que non se cree unha alarma social para satisfacer intereses políticos”. Arévalo, rexedora local mosense, insistiu esta mañá en que “como alcaldesa fun a primeira en tomar medidas neste asunto demandando á Xunta o pertinente informe, polo tanto agora dende esta Alcaldía non se tolerará que ninguén veña a dar ordes ou dicir o que hai que facer ou como hai que actuar -para beneficiarse politicamente-, posto que os pasos correctos xa están dados”.

TUI / TOMIÑO

O goberno municipal fai un chamamento para combater o deterioro do conxunto histórico

O goberno municipal de Tui considera a rehabilitación do conxunto histórico unha prioridade transcendental, que debe ser abordada sen demora. Como medida inmediata xa posta en marcha desde a primeira semana deste ano 2018, destaca a ampliación do horario de atención da Oficina da Área de Rehabilitación Integral, ARI, cuxa técnica ampliará os días de atención, pasando de atender so os xoves, a facelo tamén os martes, ambos de 9 a 14h.

O alcalde, Carlos Vázquez Padín, considera que “combater o deterioro de amplas zonas do conxunto histórico debe ser no futuro unha prioridade transversal, unha prioridade de cidade, que comprometa de maneira firme e decidida a todos os grupos municipais, un asunto de cidade, que ten que estar por riba das loitas partidistas”. É por iso que desde o goberno consideran que sería moi positivo establecer



unha folla de ruta compartida para garantir o seu cumprimento, sen que un asunto desta importancia crucial dependa so da vontade política do gobernante do momento.

O rexidor convocará nos próximos días, aos catro voceiros da oposición para tratar, xunto co concelleiro de Patrimonio, Eduardo Freiria.

Desde o goberno municipal entenden que debe haber un consenso, unha folla de ruta compartida que tome como instrumentos fundamentais, a potenciación da ARI, a aprobación definitiva do PEPCHA ao longo

do 2018 e a aplicación da nova Lei autonómica de rehabilitación e rexeneración urbanas de Galicia en canto sexa definitivamente promulgada.

Engade o alcalde que “a vontade de diálogo é firme, só cun acordo moi amplo poderá o concello de Tui convencer a Goberno Central, Xunta e Deputación que a recuperación do conxunto histórico de Tui, non é só un asunto de interese local, senón que recuperar o segundo casco histórico de Galicia tamén merece o compromiso das institucións de ámbito superior”.

O Consello da Infancia e da Adolescencia busca novos membros

O Consello da Infancia e da Adolescencia de Tomiño segue a dar pasos cara adiante. Tras a primeira reunión o pasado mes de decembro, no que participaron 7 mozos e mozas, o consello está a organizar as vindeiras reunións invitando a unirse a todos o rapaces e rapazas interesados nesta iniciativa. O próximo consello convocarase para este mes de xaneiro, aínda que quedan por pechar tanto a data como algunhas cuestións organizativas.

Todas aquelas persoas interesadas en participar deberán encher un formulario de inscrición no que os nais, pais ou titores e titoras legais dan o consentimento de participación na actividade, xa que os integrantes do consello son todos menores de idade.

Nesta ficha, os representantes legais dos menores

deberán decidir se dan consentimento de participación nos encontros do Consello, se tamén aceptan que se compartan os datos persoais co persoal municipal encargado da organización dos Consellos para poñerse en contacto con eles e cos membros dos consellos doutras localidades cando se produzan encontros intermunicipais ou se tamén consenten que as imaxes dos consellos aparezan publicadas na web e nas redes sociais do concello de Tomiño e de Unicef.

Esta ficha de inscrición debe de ser enviada a educacion.tomino@gmail.com, onde se recollerán todas as autorizacións que cheguen e canle que servirá tamén de comunicación coa organización para resolver dúbidas ou preguntas que poidan ter tanto os futuros e futuras integrantes dos consellos como os seus nais e pais.



BAIXO MIÑO

A GUARDA

O BNG esixe proxecto integral para a Praza de Abastos

O Bloque Nacionalista Galego insta ao Alcalde da Guarda e á Consellería de Comercio a afrontar un proxecto de futuro serio para revitalizar a praza de Abastos da Guarda.

“Viñeron inaugurar un ascensor, cunha praza baleira e obsoleta. Non se pode seguir con esta política de parches. A Guarda necesita unha praza moderna, cun novo modelo, tal e como fixeron noutros concellos como Tomiño. Para iso necesitamos o compromiso do Concello e da Dirección Xeral de Comercio”, comentou Ángel Baz, portavoz municipal do BNG.

Dende a formación nacionalista, considérase que hai que afrontar un proxecto ambicioso dentro dunha nova visión para a praza de Abastos. Unha praza que debe estar integrada dentro dunha contorna onde as persoas sexan as protagonistas, atractiva aos potenciais compradores e

consumidoras, así como un atractivo para o turismo.

Para o BNG, as actuacións que se levan realizando na praza de Abastos, son meros parches, realizados sen informar aos praceiros e praceiras, que non coñecían as obras a realizar e sen telos en conta.

“Temos claro que calquera actuación na Praza de Abastos debería empezar pola redacción dun proxecto-estudo realizado por especialistas e non dando paus de cego”, subliña Ángel Baz.



Entrega de novo material de xogo aos cativos da Escola Infantil

O alcalde, Antonio Lomba, e a concelleira de Servizos Sociais, Teresa Vicente, visitaron á Escola Infantil Municipal da Guarda para desexar unhas felices festas aos cativos do centro e as súas docentes, así como facer entrega do novo ma-

terial didáctico e de xogo do que os pequenos e pequenas poderán gozar durante as xornadas escolares dende este Nadal.

Os representantes municipais aproveitaron a visita para comprobar o estado das instalacións, unha vez rematadas as melloras das infraestruturas e o equipamento da escola acometidas durante os dous últimos meses. O investimento, por un importe total de 25.383,53€, incluíu o arranxo da cuberta do centro e a

mellora das instalacións eléctricas, así como a substitución da caldeira, o revestimento das paredes e o arranxo da varanda do patio.

Amais, adquiríronse novos materiais educativos e de xogo (balancíns, xogos de construción e cociña, quebra cabezas, aros e pelotas, triciclos, casas-patio, materiais de plásticos e libros, entre outros), adaptados aos cativos de entre 0 e 3 anos, e procedeuse á instalación dun toldo para o patio exterior.



A Guarda da a benvida cunha recreación do asentamento castrexo

Unha recreación das vivendas castrexas representativas do xacemento arqueolóxico do Monte Santa Trega da xa a benvida aos veciños, veciñas e visitantes que se achegan á Guarda por algunha das estradas que rematan na rotonda

de San Roque.

O asentamento acompaña-se do colorido nome da Guarda, en alusión a outro dos emblemas máis representativos e coñecidos da nosa vila: a característica paleta de cores das casas da fachada marítima do Porto guardés. As letras do

nome do municipio, á súa vez, levántanse sobre unha base de grava azul en referencia ao río e o mar que nos rodean.

Nos próximos días completase a actuación coa plantación de algunhas árbores de baixo porte e o crecemento do céspede, este último xa se-



meado. A obra, promovida polo Concello da Guarda, conta co financiamento da Deputación

de Pontevedra ao abeiro do Plan Concellos 2017, cun investimento total de 28.981,11€

REFORZO ESCOLAR • IDIOMAS • TÉCNICAS DE ESTUDIO
PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA • TALLERES INFANTÍS
FORMACIÓN PARA ADULTOS

TEMPOS
CENTRO DE ESTUDOS

MATRÍCULA GRATUITA

CLASES DE TODAS AS MATERIAS para alumnos de Infantil, Primaria, ESO e BACH

Reveriano Soutullo, 3 - 1º B
654 07 57 51

Talleres
Guiller Motor

Pazo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA
(Pontevedra)
Tel./Fax 986 66 15 41

Venta de vehículos usados

SPG
TALLERES

Concello e Deputación presentan os estudos de trazado para o novo acceso ao Porto da Guarda

Tivo lugar na Casa dos Alonso a presentación dos estudos de trazado do proxecto de construción do novo acceso ao Porto da Guarda. Presidiron o acto o alcalde do Concello da Guarda, Antonio Lomba; o enxeñeiro redactor do documento, Francisco Javier Zubía; o deputado provincial de Cooperación, David Regades; e o deputado provincial de Mobilidade, Uxío Benítez.

O rexedor local quixo salientar, antes de dar comezo á presentación dos distintos trazados viables propostos, que este é o “primeiro paso en firme” cara a elaboración dun proxecto de execución que permita a construción dunha estrada que facilite o acceso do tráfico pesado ao Porto guardés.

Nesta liña, Antonio Lomba destacou a vinculación entre este novo proxecto e o plan de humanización da rúa Con-

cepción Arenal, toda vez que o novo acceso sur ao Porto permitirá desconxestionar o centro da vila e que “os veciños e veciñas desfruten das rúas” e non sufran as consecuencias do paso do tráfico portuario polo casco urbano.

“Compre facer unha nova infraestrutura para que a Guarda teña un acceso digno”, afirmou Uxío Benítez, que sinalou a necesidade de que a Xunta de Galicia se involucre no proxecto, toda vez que a zona portuaria é competencia da Administración autonómica.

David Regades destacou a importancia do proxecto, sinalando o de hoxe como “un día histórico” no que se da solución á unha problemática de longo percorrido na Guarda. Segundo explicou o deputado, a actuación da Deputación de Pontevedra neste proxecto é “unha excepción” que se leva a cabo a causa da “inacción da Xunta de Galicia”. “Este é o único proxecto destas características se fai dende a Deputación”, aclarou Regades, que definiu a necesidade do novo acceso á zona portuaria



como “unha débeda histórica coa Guarda”.


O enxeñeiro presentou, deseguido, as tres propostas viables para realizar a nova estrada que permita o acceso do tráfico pesado á zona portuaria, con distintos enlaces entre a estrada PO-552 e o paseo marítimo da Guarda.

Dende o Concello da Guarda valórase como “máis interesante” a alternativa que inclúe unha vía paralela á PO-552 e ó paseo marítimo, con enlaces nas zonas de Santa Catalina e Fonte Quente (trazado laranxa na imaxe adxunta), pois esta non afectaría ao carácter humanizado do que goza o paseo na actualidade e permitiría a expansión urbana cara esa zona.

O orzamento medio total

acadaría, de forma aproximada e segundo se establece nos estudos de trazado, os 2.700.000€, un custe que se agarda sexa asumido conxuntamente polo Concello da Guarda, a Deputación de Pontevedra e a Xunta de Galicia.

O estudo será enviado proximamente á Xunta para que os órganos autonómicos competentes na materia elaboren os informes sectoriais que correspondan. A partir deses informes, decidírase cal é o trazado que se deberá acometer e elaborárase o proxecto de execución. O proceso, que pode prolongarse durante anos, será levado dende o Concello coa “maior celeridade posible”, agardando ter listo o proxecto de execución durante o ano 2018.



NOVAS DA RAIÁ

PORTUGAL

Tempo de reerguer



Quis o destino que as chamas se cruzassem com a “Casa das Bonecas”, em Longos Vales, no fatídico dia 15 de outubro de 2017, deixando um rasto de destruição material e uma desesperança alicerçada nas memórias construídas ao longo de muitos anos.

No passado sábado, 6 de janeiro, foi tempo de reerguer a esperança, tempo de pensar no futuro e tempo de avançar mais uma etapa num luto doloroso e desgastante que cobriu muitas famílias do con-

celho de Monção com um manto nebuloso de grande tristeza.



Nesse dia, o Agrupamento de Escuteiros 1028 de Reboareda, III secção (Pioneiros) e IV secção (Caminheiros), com cerca de 20 jovens e adultos, colocaram mãos à obra e ajudaram a Dona Helena a vislumbrar o que outrora foi o seu recanto de vivências e emoções.

Por fazerem acreditar, o Banco Local de Voluntariado de Monção agradece a disponibilidade de todos os chefes/dirigentes: Carlos Gomes, Carla Rodrigues, Martinho Rodrigues, Fátima Gonçalves, José Pereira, Fernando Rodrigues, Camilo Pontes e Liliana Coelho.

Pias aposta na requalificação da rede viária

Na companhia da presidente de Junta de Freguesia de Pias, Cátia Gonçalves, o autarca monçanense, António Barbosa, percorreu os lugares da freguesia, contactando com a população local e inteirando-se das maiores preocupações e necessidades do executivo local.

No topo das prioridades, encontra-se a valorização da rede viária. Caminhos e estradas que unem os lugares da freguesia mas também as ligações rodoviárias com as freguesias vizinhas. A visita englobou diversas paragens e a confirmação que a estratégia do município nesta área é a mais adequada.

António Barbosa reafirmou que a intervenção da autarquia nas acessibilidades irá privilegiar as ligações entre as freguesias, devendo os percursos “internos” ser responsabilidade das juntas com base na disponibilização financeira que, todos os meses, o município transfere para as freguesias.

À requalificação da rede

viária, Cátia Gonçalves juntou a necessidade de consolidar as pequenas travessias sobre as águas do rio Gadanha. Sobre esta questão, António Barbosa deu conta que é intenção do município fazer um levantamento do estado das pontes em todo o concelho.

Num futuro mais alargado, a autarca local assinalou como prioridade da junta o alargamento do saneamento básico aos lugares da freguesia em falta. Cátia Gonçalves salientou ainda que a recuperação do edifício da antiga escola primária seria algo muito importante para a freguesia que deixaria a população local extremamente satisfeita.

Quanto à Feira da Foda, marcada para o segundo fim de semana de março, assunto incontornável sempre que se fala de Pias, o desafio é manter o sucesso da primeira edição e, se possível, ganhar uma escala ainda maior. Neste momento, trabalha-se na programação e angariação de patrocinadores.



Ciclo de Jazz em Valença

Entre janeiro e março Valença oferece um ciclo de jazz com seis concertos gratuitos. Dos clássicos americanos às novas perspectivas do jazz, esta é a oportunidade para ouvir alguns dos mais singulares grupos nacionais.

O ciclo abre com o concerto “Idiosyncrasies”, evocando o terceiro disco de Alexandre Coelho Quartet. Sábado, 13 de janeiro, a partir das 21h30, a Quinta do Caminho, em Cerdal, será o espaço de lançamento deste ciclo.

Os concertos que seguem são, 27 de janeiro, às 21h30, Mariana Vergueira Quarteto no CILV; 10 de fevereiro, às 21h30, Renato Dias Trio na Quinta do Caminho; 17 de fevereiro, às 21h30, MAP na Quinta do Caminho; 10 de março, às 21h30, Luís Lapa & Pé de Cabra na Quinta do Caminho; 24 de março, às 21h30, Miguel Ângelo Quarteto no CILV.

Esta é a viagem musical proposta pela Câmara Municipal de Valença, em parceria com



a Quinta do Caminho e a Porta Jazz, com o patrocínio da Direção Geral das Artes e mecenas empresariais.

Das canchas de Coia ao futuro

O Club de Baloncesto Seis do Nadal conmemora o seu 35 aniversario neste 2018 co orgullo de contar con máis de 600 deportistas

Por Pilar Martínez

O Club de Baloncesto Seis do Nadal conmemora o seu 35 aniversario neste 2018 co orgullo de contar con máis de 600 deportistas

O 2018 representa un ano tremendamente especial para o Seis do Nadal, xa que cumpre os seus 35 anos con numerosos obxectivos acadados e grandes retos no horizonte, coa confianza de seguir sendo un club deportivo de referencia -polo menos- outros 35 máis.

Lonxe quedan os inicios no ano 1983, cando a posibilidade de practicar unha actividade extraescolar no castigado barrio de Coia converteuse nun compromiso cos rapaces e rapazas e a responsabilidade de constituir un club. Porén, no fondo,

o obxectivo perseguido daquela é o mesmo que na actualidade: “Acoller a todos os nenos e nenas que queiran practicar baloncesto. Esta é a idea coa que comezou o club e constitúe a liña que queremos manter”, afirma Sergio González, director deportivo do C.B. Seis do Nadal desde 2007.

O nacemento do Seis supuxo “un gran cambio para un barrio en construción e castigado polas lacras sociais do momento”, segundo apunta a presidenta do Seis, Conchi Martínez. Pero o dinamismo da agrupación deportiva non só incidiu desde o punto de vista deportivo, senón tamén nos eidos social e educativo, ao estar estreitamente vencellada a ANPA do CEIP Seis do Nadal.



Presentación anual do Seis de Nadal

Desde entón, as actividades de promoción do deporte, a organización de torneos, campus e cursos dirixidos á formación dun amplo corpo técnico de adestradores e árbitros, fai que o Seis do Nadal integre máis de 600 deportistas en todas as categorías. Así, arredor de 300 son federados, desde benxamín a sénior, o que o converte no maior club con licencias federativas de Galicia.

“Estas cifras indícanos que xa non só estamos perante un club de barrio, senón nun referente para o deporte vigués e galego”, subliña o director deportivo, para quen a mellora constante é un dos piares fundamentais. “Non só formamos xogadores, tamén adestradores e árbitros. Uns sen outros non teñen sentido, polo que potenciamos a formación en todos os sentidos para seguir mellorando a estrutura do club”, explica González. Ao seu xuízo, un dos grandes méritos do Seis é “xerar unha actividade constante no barrio e dar baloncesto á cidade”.

Sabor a celebración

Precisamente este espírito é a idea que impregnará todas as actividades que organice o Seis do Nadal ao longo do ano. “Queremos que o 35 aniversario chegue a toda a sociedade, que todos os torneos teñan sabor a esta celebración e que distintas persoas do mundo do



Campus Seis do Nadal 2017

deporte e da cultura teñan un papel activo nas nosas propostas”, sinala o director deportivo.

Sergio González avanza que nos primeiros meses do ano a directiva porase en contacto coas persoas que foron fundamentais no desenvolvemento do club, tanto integrantes da directiva inicial, -entre os que destaca a figura de Aali Mohamed, que na sigue mantendo unha estreita relación co club como adestrador- como xogadoras da Selección española que comezaron a súa andaina no Seis.

“Queremos que toda a sociedade celebre con nós o noso aniversario”, anima González, para quen nesa transmisión das iniciativas do club, e polo tanto da súa filosofía, xogan un papel preponderante as redes sociais. Defende, neste sentido, que “xa non chega con ter unha boa páxina web, senón é necesario tamén estar nas redes, porque senón non existimos”

Momentos inesquecibles

Ao longo dos seus 35 anos de historia o Seis viviu múltiples acontecementos dignos de gardar na memoria. A modo de sinopse, a presidenta do club desde 2011 elixiu tres momentos que podemos considerar inesquecibles. O primeiro deles refírese ao ano 1998, cando o club faise cargo das escolas municipais, das que saen boa parte dos xogadoras e xogadores federados.

O recoñecemento ao proxecto deportivo e educativo do Seis do Nadal por parte do Concello de Vigo centra o segundo acontecemento elixido por Conchi Martínez. Corría o ano 2014 cando o Seis recibiu a medalla de “Vigués Distinguido”, ao considerar que a súa traxectoria de compromiso coa formación de deportistas estaba sobradamente demostrada. E, por suposto, o ascenso á liga EBA na temporada 2015-2016 constitúe, segundo Conchi Martínez, o terceiro acontecemento memorable na historia do club vigués.



Campus Seis do Nadal 1997



Campus Seis do Nadal 2002

“Señor da Folla Verde” de Bodegas Marqués de Vizhoja, o viño branco máis Delicioso segundo os expertos



Jorge Peláez, presidente de Bodegas Marqués de Vizhoja

O viño máis persoal de Bodegas Marqués de Vizhoja trunfa na noite do Barrio de Salamanca en Madrid nunha aposta por conquistar a un público máis novo e esixente.

Que o “Señor da Folla Verde” de Bodegas Marqués de Vizhoja sexa o branco máis “delicioso do 2017” non só o din os amantes dos viños brancos, senón que tamén o din os expertos catadores e especialistas que participaron na LVII Festa do Viño do Condado do Tea, que o elixiron como “Delicioso Rías Baixas Condado da Subzona do Condado do Tea”.

O D.O. Rías Baixas “Señor da Folla Verde” é o viño máis exclusivo da bodega. Está elaborado con uvas albariño (70%), treixadura (15%) e loureira (15%), todas elas cultivadas e seleccionadas na Finca A Moreira.

“Señor da Folla Verde” xa foi escollido no 2011 como “Delicioso do Ano” durante a “Cata de Viños do Condado 2011”.

Presenza importante en Madrid

Os viños galegos trunfan en todas partes, pero ademais como é o caso de Señor da Folla Verde de Bodegas Marqués de Vizhoja este converteuse nun imprescindible dos restaurantes e terrazas do Barrio de Salamanca de Madrid pola súa personalidade. A bodega marcou como obxectivo, nos últimos tempos, abrir tendencia na cultura da noite para os seus viños, chegando así a un público máis novo e sibarita. Parece que o conseguiron porque un dos templos nacionais do “savoir faire” no que a gastronomía se refire, xa o ten na carta, desde o aperitivo ás copas. A proposta de Odds, que así se chama este espazo en Serrano 110, restaurante con terraza en pleno barrio de Salamanca de Madrid, é perfecta para case calquera hora.

Sentar nas súas mesiñas exteriores a tomar algo de picoteo lixeiro é un pla-

nazo en compañía duns bos brancos galegos. En Madrid traballan moi estreitamente con Bodegas Marqués de Vizhoja, e en concreto co Señor da Folla Verde, un coupage de albariño, treixadura e loureira cun deseño espectacular que non deixa ningunha indiferente e ao que os sumilleres califican de espectacular. Varios espazos gastronómicos de última xeración, como Urrechú na rúa Velázquez, o Restaurante A Maruca tamén en Velázquez e o Restaurante Cañadio, en Conde de Pañalver son outros dos espazos que apostan polo Señor da Folla Verde de Bodegas Marqués de Vizhoja.



Odds, en Serrano 110, Barrio de Salamanca, en Madrid



986 661 919
Rúa Real, 34
Ponteareas

BARCO LEON
Pinturas

CONSTRUCCIONES Y REFORMAS EN GENERAL

- + Venta y Aplicación de Pintura
- + Papel pintado, Moqueta y Tarima

Omar Jose Farina Barco obfarina@gmail.com
Telfs: 986 651 145 - 609 366 364 - 986 650 920
C/ Villanueva, 18 A CAÑIZA - C/ Paseo Matutino, 2 PONTEAREAS